

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE MAIO DE 2022 POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA CORRESPONDENTE ÁS AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2021.

De conformidade co disposto na resolución reitoral do 15 de xuño de 2021 pola que se autoriza á convocatoria de axudas do Fondo Social 2021, e tralo acordo da Comisión de Acción Social do 28 de abril de 2022.

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro.- Publicar a presente resolución pola que se declaran aprobadas as listaxes definitivas das solicitudes admitidas e excluídas correspondentes ás axudas do fondo social 2021.

Segundo.- As listaxes definitivas de admitidos e excluídos estarán a disposición dos participantes no procedemento no Servizo de Retribucións e Seguros Sociais.

Así mesmo, a través da Secretaría Virtual da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal>) os participantes na convocatoria terán acceso restrinxido á súa solicitude.

Terceiro: Autorizar o aboamento das cantidades concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 0000.421S.162.99 "outros gastos sociais", que se fará efectivo xunto coa nómina de maio 2022.

Cuarto: Publicar como anexo I a esta resolución, a distribución final da concesión das axudas do Fondo de Acción Social 2021 (gastos 2020).

Quinto: De conformidade co artigo 147 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a acción social compútase na base de cotización. Por tal motivo, o persoal que, no mes de maio de 2022, perciba remuneración en concepto de acción social, o seu importe estará rateado ao longo dos doce meses do ano.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación) perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunto do recurso de reposición interposto, de segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor
Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO I

Axuda	Solicitudes	Concedidas	Importe repartido
Atención a persoas con discapacidade	53	48	27.147,26€
Coidado de fillos 0 -3 anos	40	39	21.836,79€
Coidado de fillos 3 - 6 anos	54	52	15.470,75€
Coidado familiares maiores 70 anos	15	11	4.000,00€
Estudos	440	404	48.391,02€
Tratamentos saúde	641	585	66.947,34€
Total	1.243	1.139	178.793,16€

